

ENFIANDO

XOÁN VICENTE VIQUEIRA: O VALOR DE SER CENTRO



Texto Francisco X.
Fernández Naval
Escritor

N

on son eu moi procli-
ve ás efemérides nin
ós cabodanos cando
se trata de celebrar
a conquista de de-
reitos esenciais da
nosa vida civil ou de
lembrar a alguén, co-
mo por exemplo, un
filósofo ou un escri-
tor. Os dereitos esen-

ciais celébranse co seu exercicio diario; a
memoria dos pensadores, escritores e ou-
tros, mulleres e homes, que son patrimonio
común, celébranse mantendo unha rela-
ción viva co seu legado espiritual e coa
súa obra. O resto son frivolidades que
en ocasións axudan, por supoñer, á pu-
blicación de estudos, obras completas e al-
gunha outra cousa, pero que, as máis
das veces, só valen de coartada para xus-
tificar o esquecemento.

Por iso resulta gratuíto lembrar que en
1886 nacía en Madrid o pensador gale-
go Xohán Vicente Viqueira Cortón, quen
axiña é trasladado a Galicia, medrando
en San Fiz de Vixoi, preto de Betanzos.

Son pois 120 anos os transcorridos
dende o nacemento e 82 dende a
morte, que Viqueira non gozou da
oportunidade dunha vida longa, ín-
dose cando o precipicio da Guerra
Civil aínda ficaba lonxe.

Curiosa a coincidencia que fixo
que valores tan emblemáticos da no-
sa cultura, e máis ou menos coetá-
neos, abrisen os ollos ó mundo lonxe
do que sería o seu país, o lugar do
corazón, velaí a Luís Seoane e Bue-
nos Aires, Lorenzo Varela e La Ha-
bana, Arturo Cuadrado e Denia, Vi-
queira e Madrid.

Hai máis pero a nómina abonda. Xo-
án Vicente Viqueira formouse na Institu-
ción Libre de Enseñanza primeiro, via-
xando logo a París, sendo alumno de
Bergson e máis tarde a Alemaña como
discípulo, entre outros, de Husserl. Re-
gresa logo e, dende 1917 ata 1924, ocu-
pa a cátedra de psicoloxía no instituto
da Coruña, chegando a presidir a Ir-
mandade da Fala.

**“Queremos converter a
Galicia dun arrabal
nun centro, facer que
tiña vida propia,
grande, inmensa”**

Agora, que iniciamos o camiño para
a elaboración dun novo estatuto de au-
tonomía, non está de máis recuperar al-
gunha das reflexións de Viqueira, feitas
hai case 100 anos, pero tan vixentes.
“Queremos converter a Galicia dun arra-
bal nun centro”, proclamaba nun texto ti-
tulado “Diálogo trascendental”, no que
soñaba a Galicia do futuro. A pregunta,
aínda hoxe, segue a ser: ¿un centro de
que? El, nese texto, engadía: “facer que
teña vida propia, grande, inmensa”, e
paréceme a min que nesas sete palabras
está compendiado o que deba ser a fi-
losofía do estatuto, instrumento capaz de
nos volver centro de nós mesmos, que é o
único xeito de chegar a ser centro de al-
go e de irradiar a luz da identidade e do
ser. Ese foi, ó cabo, o espírito que alentou
no primeiro e segundo textos estatutarios
e deberá ser tamén o que alente, con
máis forza, se cabe, no camiño do novo.

Ben interesante, a estes efectos, a súa
reflexión sobre o nacionalismo pleno –el



que era universalista–, nacionalismo que
consideraba como paso esencial para un
desenvolvemento harmónico da humani-
dade. No texto titulado “Autonomía”, lem-
braba que Estados Unidos, Inglaterra ou
Suíza medraban e florecían de entre o
resto das nacións, por seren autonomías,
federalistas, e engadía: “Español son eu,
mais dunha España grande, futura, aínda
por facer, onde a suprema lei sexa a li-
berdade, onde sexan libres as nacións
que a forman...”. Nación. ¿Por que lle
tememos ás palabras?

Importantes son tamén os seus textos,
sempre breves pero entusiastas e brillan-
tes, sobre a lingua. No limiar dun traba-
llo sobre el, publicado en Buenos Aires
no ano 1969, Luis Veiga do Campo afir-
maba que “quizais ningunha cousa o pro-
cupase tan agudamente como o problema
do idioma. Tiña unha clara visión da súa
importancia esencial na afirmación da
persoalidade galega”. É nesas textos nos

**“Consideraba o
nacionalismo paso
esencial para un
desenvolvemento
harmónico da
humanidade”**

que Viqueira analiza o problema da lin-
gua, onde nos convoca a todos a falala,
porque, na súa opinión, a lingua repre-
senta o heroísmo calado de todos os días,
lingua que nos fai libres. O noso dilema,
dicía xa entón, é ser ou non ser, coma
Hamlet, sendo o elemento principal de-
sa dúbida existencial, a lingua, na súa
opinión, a testemuña da nosa esperanza.

Arriba, Xohán Vicente Vi-
queira. Abaixo, cartel do Estatuto gale-
go do 36, obra de Camilo Díaz Ballo

